Señores e señoras deputadas, a presente Iniciativa lexislativa popular Valentín Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía leva como saben no seu título o nome de quen foi o autor homenaxeado no Día das Letras Galegas do ano 2012. Valentín Paz Andrade, escritor, xurista e empresario, para alén de ser un dos principais impulsores da industria pesqueira moderna galega, foi tamén o vicepresidente da Comisión Galega do Acordo Ortográfico da Lingua Portuguesa, xuntamente con Xenaro Marinho del Valle, e posibilitou a participación galega nas reunións para o Acordo ortográfico da lingua portuguesa que concorreran en Río de Xaneiro no ano 1986 e en Lisboa en 1990.

No seu artigo “A evolución trans-continental da lingua galaico-portuguesa” de 1968, Paz Andrade cuestionara e respondía afirmativamente a esta pregunta: ¿o galego ha de seguir mantendo unha liña autónoma na súa evolución como idioma, ou ha de tender a máis estreita similaridade coa lingua falada, e sobre todo escrita, de Portugal e o Brasil? Consciente do potencial transcontinental da nosa lingua, non só para a súa consolidación, como tamén para favorecer a potencialidade económica da Galiza, cualificouna como

—leo literalmente—: *“de una lengua con la cual pueden entenderse millones y millones de personas, aunque lo hablen con distinto acento o escriban de forma diferente cierto número de vocablos”*. Isto é da súa obra *Galicia como tarea*, do ano 1959.

Ese potencial global que ten a nosa lingua é aínda máis evidente e relevante no momento actual, onde a crise económica na que está sumida a Galiza contrasta co auxe de novas potencias como Brasil en América, Angola en África ou o enclave de Macau na China. É coñecido que a economía do Brasil é a quinta maior do mundo e a primeira de toda América Latina, respondendo por tres quintas partes de toda a produción industrial de América do Sur; co actual ritmo de crecemento o seu potencial para as próximas décadas é globalmente recoñecido. Tamén os países africanos de lingua portuguesa, e en particular Angola, manteñen algunhas das economías que crecen de maneira máis pronunciada nos últimos anos.

Un estudo recente da BES Research sobre economía portuguesa e lusofonía revelou que o potencial económico da lingua portuguesa alcanza xa o 4,6 % do PIB mundial e o 2 % do comercio internacional planetario, movementado por 3,6 % da poboación mundial: 254 millóns de persoas. Tendo en consideración os países e territorios de lingua oficial portuguesa: Angola, Brasil, Cabo Verde, Guinea Bisau, Mozambique, Portugal, San Tomé e Príncipe, Timor Leste, Guinea Ecuatorial e Macau, a lingua portuguesa representa un PIB conxunto de 2.857 millóns de euros e un valor de 442.000 millóns de euros no comercio internacional mundial. Isto sen ter en conta a presenza global de importantes comunidades de emigrantes de países e territorios de lingua portuguesa e dos seus descendentes, que contabiliza apenas a diáspora portuguesa unha poboación de 5 millóns de persoas.

Se potenciar as súas capacidades lingüísticas en relación ao mundo da lingua portuguesa, as galegas e os galegos poden aproveitar un potencial económico até hoxe desaproveitado, abrindo as portas para un universo en expansión que partilla as nosas raíces culturais e lingüísticas e onde nós, os galegos, podemos estar por dereito propio.

No actual mundo globalizado, os organismos galegos comprometidos co aproveitamento das potencialidades da Galiza, entre eles este Parlamento e este Goberno, deben

valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional, algo que indicara no seu debido tempo, entre outras moitas personalidades, don Valentín Paz Andrade.

O portugués, nacido na vella Gallaecia, é idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída tamén a Unión Europea, así como a lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. É aínda a lingua máis falada en todo o hemisferio sur.

A nosa lingua, por tanto, outorga unha valiosísima vantaxe competitiva á cidadanía galega en todas as vertentes, nomeadamente na económica, e desde que dispoñamos dos elementos formativos e comunicativos para nos desenvolver con naturalidade no modelo internacional do galego estaremos aproveitando esta vantaxe.

O portugués, por outro lado, tamén é útil ao noso propio desenvolvemento cultural na Galiza. Alén de que, como é sabido, na nosa sociedade a mestizaxe e a pluriculturalidade son unha realidade cada vez máis evidente, especialmente nos ámbitos urbanos, as distintas variedades do portugués axudan a enriquecer e a facer máis enxebre o noso propio galego. Especialmente a nivel fonético e léxico o galego histórico e vivo ten unha correspondencia auténtica coas falas do portugués. Como nunha ocasión lle dixo o señor presidente do Goberno galego a unha rapariga que o entrevistou a tempo nunha televisión de Madrid, e que dicía que ela non podía entenderse sendo galega cun compañeiro de piso que era portugués, e replicoulle o señor presidente que debe ser que non estudara un bo galego.

O breve texto da presente ILP, de tan só tres artigos, refírese a algunha destas medidas.

O artigo primeiro recolle a incorporación do aprendizado da lingua portuguesa no sistema educativo galego, prevendo para tal fin o prudente prazo de catro anos. Señores e señoras deputadas, na Estremadura o 100 % do alumnado xa ten oportunidade de aprender portugués. En Andalucía son dúcias de miles os alumnos e alumnas que poden aprender portugués. En canto na Galiza agora mesmo son 600. Este é un déficit que cómpre corrixir o antes posíbel.

A incorporación do ensino do portugués no noso caso debería contemplar unha pluralidade de medidas. Entre elas,

por exemplo, nós damos un texto aberto, propomos o ensino contrastivo nas aulas de galego, é dicir, establecer pasarelas desde a propia asignatura de lingua galega á lingua portuguesa, ou a incorporación de contidos divulgadores da realidade do conxunto de países de lingua oficial portuguesa nas outras materias, como pode ser a de Coñecemento do Medio.

En segundo lugar, a proposta que traemos a debate recolle a necesidade de que o Goberno galego manteña un relacionamento a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, fomentándose de xeito especial a participación das institucións galegas en foros económicos de todo tipo, desde o económico, cultural, deportivo ou ambiental. Por se non o sabían, os presidentes Touriño e Fraga no seu día trataron da incorporación de Galiza á comunidade de países de lingua portuguesa. E estes teñen unha boa disposición para que Galiza sexa admitida, como dixen antes con pleno dereito. Tan só falta que o Goberno galego retome esas conversacións e que consiga tamén do Goberno español —que é quen ten a competencia de política exterior— a nosa entrada. Complementarmente tamén contar coa presenza de institucións e persoas de países lusófonos nos nosos propios foros en Galicia. Tamén a nosa proposta inclúe dunha maneira complementar para que o conxunto da Administración pública galega, non só o ensino, dispoña das capacidades necesarias para o pleno aproveitamento dos vínculos coa lusofonía, que o dominio do portugués se torne nun valor tamén para o persoal da Administración pública.

Por último, a proposta normativa quere materializar algo que a vostedes lles soará, que é a recepción aberta no territorio galego das televisións e radios portuguesas mediante a televisión dixital terrestre. A nosa proposta prevé que o Goberno galego adopte as medidas necesarias para o lograr. E trátase dunha previsión recollida na Carta europea das linguas e na Directiva 89/552/CEE, que aínda non foi efectiva —como lles dicía—, a pesar de que xa no 9 de abril de 2008 este mesmo Parlamento aprobou por unanimidade unha proposición non de lei no mesmo sentido. E o Goberno español tense mostrado favorábel á implementación do previsto na citada directiva, que leo textualmente: “Trata de garantir a liberdade de recepción directa das emisións de radio e televisión dos países veciños nunha lingua utilizada de modo idéntico e próximo a unha lingua rexional ou minoritaria, e non oporse a retransmisións de emisións de radio e televisión dos países veciños nunha tal lingua.” Tal medida pode-

ría efectivarse a través da utilización dun múltiplex con espazo para catro canais, dedicados ás televisións lusas. E nada obsta a que sexa acompañada da recíproca recepción das televisións galegas en territorio portugués, se así se acordar co Goberno deste país.

Alén da recepción directa dos pasos xurídicos e técnicos que deben ser dados polo Goberno galego, outras medidas tendentes a fomentar o relacionamento e coñecemento do espazo cultural lusófono poden ser dadas de xeito inmediato. Por exemplo, incluíndo nos canais galegos de TV e radio contidos directamente procedentes das televisións portuguesas e brasileiras, tanto para o público infantil como para outras franxas horarias; cuestión que esta mesma semana tamén algo se fixo na Televisión de Galicia.

O conxunto das medidas que hoxe defende aquí a Comisión promotora da iniciativa lexislativa popular Paz Andrade —en cuxo nome estou a falar— conta con apoio explícito de máis de dezasete mil persoas e tamén con apoio amplamente maioritario da sociedade galega, que é consciente do desaproveitamento das vantaxes que temos como galegos en relación a todo o universo de lingua portuguesa. Por tanto, en nome da comisión promotora, das máis de dezasete mil persoas que a apoiaron, da sociedade civil galega, solicitamos a tomada en consideración desta ILP e agardamos a súa aprobación unánime por parte do Parlamento.

Señoras e señores deputados, o ano pasado a Dirección Xeral de Política Lingüística, o Goberno galego levou a cabo unha campaña para facernos ver aos empresarios e empresarias que o galego é unha lingua útil para os nosos negocios internacionais. Hoxe teñen nas súas mans a oportunidade de faceren ver non só ao empresariado mais a todos os galegos e galegas, aos nosos fillos e fillas, que temos unha lingua extensa e útil, cunha dignísima historia de séculos e un inmenso futuro por diante, como o que ten este país.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Moitas grazas, pode vostede permanecer no escano ata o momento do remate do debate.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondeño.

A señora PONTÓN MONDEÑO: Moi bo día, señoras e señores deputados.

Señora presidenta, eu quixera, en primeiro lugar, dar a benvida e parabenizar a todas as persoas que promoveron esta Iniciativa lexislativa popular Valentín Paz Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, que chega aquí despois dun ano a este Parlamento co aval de máis de dezasete mil galegos e galegas que tiveron a ben apoiala. Estou certa de que os medios humanos dos promotores e das promotoras impediron que o número de sinaturas puidera ser maior, dado que estamos certos e certas no BNG de que o apoio a esta iniciativa pois pode ser moito máis grande que estas dezasete mil sinaturas, que en todo caso non son poucas.

Nós tamén saudamos que esta ILP tivera unha tramitación moito máis áxil que outras iniciativas lexislativas populares que vivimos ou que se levaron a adiante na Galiza. E concretamente saudamos que neste caso pois non houbera un veto por parte do Partido Popular a que se puidera debater con axilidade unha iniciativa que provén da sociedade. Algo que non pasou hai moi poucos meses neste Parlamento, onde vimos como o Partido Popular vetaba iniciativas lexislativas populares en defensa da sanidade pública, en defensa de Preescolar na casa. Un veto que, en todo caso, responde a unha posibilidade legal que a nós nos parece inxusta. Por iso cremos que hai que reformar tamén a Lei de iniciativa lexislativa popular, para que non se poidan producir vetos a debates que a cidadanía queira traer a este Parlamento, para que teñan máis medios á súa disposición e porque evidentemente é necesario reforzar a participación directa das e dos cidadáns no Parlamento.

No BNG non acreditamos nunha democracia que simplemente reduce os cidadáns a votar unha vez cada catro anos. Creemos que hai que dar pasos e reformas en profundidade para que efectivamente a cidadanía poida exercer un mandato real e non vexamos perversións como a actual, onde gobernos do Partido Popular fan xusto o contrario do que prometen e sométense aos ditados da troika, da banca e das grandes multinacionais en contra do pobo.

En todo caso, saudamos desde o Bloque Nacionalista Galego que esta iniciativa chegue con axilidade a este Parlamento e tamén que este tema, que é un tema relevante, hoxe veña aquí da man dunha iniciativa promovida por cidadáns e por cidadás galegas, que en todo caso están amosando tamén a súa preocupación polo futuro da nosa lingua.

Levamos trinta anos dun proceso teórico de normalización lingüística, que na práctica vemos que está levando o noso idioma a unha situación realmente límite, cunha perda moi importante de persoas que empregan con habitualidade a nosa lingua, cunha xustiza que aínda se resiste a poder empregar o noso idioma con normalidade ou con efectivamente moitas dificultades para poder vivir en galego no noso país. Parécenos, desde logo, que esta iniciativa o que pretende é tamén reforzar e crear accións en positivo que permitan mudar a tendencia negativa que está rexistrando o noso idioma. E nese sentido no BNG compartimos o achegamento a todo o relativo á lusofonía, aos países de fala portuguesa. É un elemento clave nese proceso de restitución da normalidade lingüística do noso país, na recuperación de espazos, mais tamén é un elemento clave que debería de terse en conta á hora de potenciar e á hora de ver cales son as oportunidades no ámbito económico que a lingua portuguesa abre para o conxunto do noso tecido empresarial e do noso tecido cultural.

Imos logo, pois, apoiar esta iniciativa polo seu fondo e tamén porque nesta materia o BNG mantivo vivo este debate ao longo das últimas décadas neste Parlamento. Calquera persoa que teña o interese ou a teimosía de facer unha revisión das últimas lexislaturas poderá comprobar como o Bloque Nacionalista Galego trouxo a esta Cámara iniciativas que reclamaban cuestións como as que hoxe veñen da man desta ILP: o ensino do portugués no ámbito educativo; a recepción non só das canles portuguesas, senón que os portugueses teñan a oportunidade de poder tamén recibir a nosa televisión e a nosa radio públicas; a necesidade de articular relacións estratéxicas co mundo da lusofonía, tanto no ámbito empresarial como no ámbito cultural. Durante moitas ocasións —tamén se vostedes repasan o *Diario de Sesións*— verán como esas iniciativas tiveron o único voto favorábel do Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Tamén nós queremos alედarnos hoxe de que este debate teña avanzado grazas non só ás nosas iniciativas, senón

tamén ao labor tan importante que neste terreo están realizando diversas asociacións que veñen desde o ámbito da sociedade. Nós compartimos o trasfondo e a idea que hoxe teñen os promotores e as promotoras desta iniciativa, de que o feito de que ese isolacionismo ou negacionismo que se practica na práctica en Galiza en relación cos países da lusofonía supón non só unha negación histórica da nosa propia realidade, senón que tamén supón estragar potencialidades a nivel económico e a nivel cultural. Polo tanto, cremos que esta é unha iniciativa en positivo que merece o apoio do conxunto da Cámara.

Diciase e recóllese tamén no texto que acompaña esta iniciativa que se aproveitou o feito de que no ano pasado se dedicara o Día das Letras a Valentín Paz Andrade. Efectivamente el foi un gran defensor e impulsor desta tese, mais tamén é certo que esta non foi unha tese exclusiva ou illada. Hai todo un pensamento que se articula ao longo de principios do século XX, que continúa durante todo o século XX vinculado co nacionalismo, que reclama que se supere unha situación e que se recoñeza a realidade histórica de cal é a orixe do galego. Tamén Castelao reflexionou e nos deixou con clareza cal era a súa posición e a visión que había en torno a este asunto. Permítanme que lles lea un breve fragmento do *Sempre en Galiza*, di: “Estamos fartos de saber que o povo galego fala un idioma de seu, fillo do latín, irmán do castelán e pai do portugués. Idioma apto e axeitado para ser vehículo d-unha cultura moderna e co que aínda podemos comunicarnos con mais de sesenta millóns de almas. / O galego foi instrumento maravilloso da grande e única poesía lírica de Hispania e n-él escribían os enxeños peninsulares –tanto de dentro como de fora de Galiza–, cando a lingua de Castela non tiña categoría literaria. O galego é un idioma extenso e útil, porque –con pequenas variantes– fálase no Brasil, en Portugal e nas colonias portuguesas”.

Dinos, polo tanto, Castelao que aí xa con clareza hai unha tradición en Galiza de pensamento que recolle con naturalidade un feito histórico. Nós sabemos que esta é unha tese científica, que está demostrado historicamente que o galego forma parte do mesmo tronco lingüístico que o portugués. Porén, tampouco podemos obviar que na Galiza houbo unha filosofía oficial sobre a lingua galega que se preocupou moito máis de independizar a súa existencia fronte ao portugués que en reforzar os vínculos e coñecemento

mutuo e potenciar todas as vantaxes que tal achegamento reportaría.

De feito, acreditamos en que o descoñecemento e os prexuízos que tamén se manteñen en torno ao portugués seguen a ser moitos e que non poden desvincularse dos propios prexuízos que se seguen mantendo sobre a lingua galega no presente, e que vemos que moitos deses prexuízos aniñan tamén nas filas de quen hoxe nos está gobernando.

Permítanme unha referencia a unha ex deputada do Bloque Nacionalista Galega neste sentido, que defendeu moitas das iniciativas ás que fixen mención en relación con este asunto, dona Pilar García Negro. Fala esta profesora de universidade que efectivamente existe unha especie de lusofobia, e que esta lusofobia é unha expresión real da galegofobia, do autoodio que aínda padecemos. Autoodio que é unha enfermidade que explica, por exemplo, que se ataque a quen defendemos e usamos a lingua galega, intentando culpabilizarnos dos problemas e da situación crítica que hoxe atravesamos o noso idioma. O que tamén pode ser unha mostra de situacións que teño que recoñecer que causan vergoña allea, como ver moitos galegos e galegas pronunciar “Río de Gha-neiro” ou ver o noso presidente e vicepresidente ir a Brasil, ir a Portugal utilizando a lingua castelá e acompañados de intérprete. En nome da austeridade, ben podían aforrar eses intérpretes e utilizar con normalidade a lingua galega.

Nós, en todo caso, coincidimos coas persoas que promoven esta iniciativa no feito de que esta é unha iniciativa que é asumíbel por todas as forzas políticas, dado que non entra directamente no fondo da cuestión, e o único que pretende é aproveitar as potencialidades que Galiza ten se se relaciona co mundo da lusofonía: aproveitar culturalmente e incrementar o coñecemento do portugués no noso país, que pode facerse a través da introdución progresiva no ensino; a necesidade de que Galiza reforce os seus lazos cos países da lusofonía, que –como xa se expresou aquí– moitos deles son potencias emerxentes que –digamos– tamén son lugares de oportunidade para que moito do noso tecido empresarial poida desenvolverse nese ámbito, ou un tema sobre o que tamén temos debatido amplamente neste Parlamento en relación co recepción das radios e televisións portuguesas na Galiza.

Hai que sinalar que isto non é só unha cuestión desde o noso punto de vista de sentido común, senón que tamén hai

toda unha aparataxe legal que neste momento nos está reclamando que actuemos nesa dirección. Podemos citar o noso propio Estatuto de autonomía, que no artigo 35.3 fala da posibilidade de subscribir convenios que nos permitan establecer relacións culturais cos estados cos que se manteñen particulares vínculos culturais e lingüísticos. É evidente que nos está interpelando a ter un maior relacionamento cos países de fala portuguesa.

Cremos que a toma en consideración desta iniciativa tamén axudaría a rachar con moitos dos prexuízos dos que falabamos antes na nosa intervención. Hai un prexuízo que escoitamos moito durante os últimos tempos nesa ondanada de ataque contra a nosa propia lingua, na que se defendía a tese de que o galego non é útil porque só se fala na Galiza. Nós desde logo refutamos esta tese, pois calquera lingua é útil porque nos permite comunicarnos e é a expresión dun pobo e a expresión da creación colectiva máis importante de calquera pobo. Ningún país, por moi pequeno que sexa, renuncia voluntariamente á utilización da súa lingua. En todo caso, o que é evidente é que potenciar as relacións coa lusofonía nos abre as portas a 250 millóns de persoas do mundo, á sexta lingua máis falada e –como dixen– a países emerxentes, cun gran potencial.

Tamén cremos que hai que solucionar unha anomalía e é que a maior parte dos galegos e das galegas sintan que non son capaces de entenderse con aquelas persoas que proveñen de países de fala portuguesa. Todo isto desde logo podería solucionarse se efectivamente recepcionáramos as radios e televisións portuguesas, porque teríamos o oído moito máis afeito a esa fonética, e tamén se no ámbito educativo o portugués tivera unha presenza máis ampla.

Nunha resposta que nos remitía hai poucos meses a Xunta de Galiza recoñecía que só vinte e dous centros de ensino tiñan opción de estudar portugués como lingua estranxeira. Sabemos tamén que houbo no pasado centros que solicitaron esta opción e que a propia Xunta de Galiza lles denegou esa posibilidade, a pesar de ser centros que estaban –digamos– na fronteira, onde existe unha maior sensibilidade con esta realidade. Coñecemos tamén o caso de Estremadura, onde o Goberno extremeño está apoiando dunha maneira decidida a incorporación do portugués no seu ámbito educativo, lexislando, mesmo facendo campañas públicas que animan os extremeños e as extremeñas a estu-

dar portugués. É dicir, un gran contraste coa realidade do que temos no noso país.

Polo tanto, pensamos que todos os argumentos, todas as razóns aconsellan a toma en consideración desta iniciativa. Nós desde logo pensamos que hai que rachar co illamento e descoñecemento que temos nas nosas relacións con Portugal e co resto de países da lusofonía.

E quixera rematar cunha cita dunha persoa que tamén foi gran defensora deste asunto, Xoán Vicente Viqueira, que nunha carta que escribía no ano 1924 no bisemanario independente *A Aurora do Lima* agradecía o labor que estaba facendo este xornal en relación coa Galiza, e dicía: “*Mais que nunca, hoje o Minho une-nos e não nos separa. E, como nele se misturan águas portuguesas e galegas, devemos esperar que no porvir se compenetren as nossas culturas. / Sempre entusiasta da livre nação portuguesa*”. Eu súmolle: “Sempre entusiastas da liberdade de Galiza”.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario de Alternativa Galega de Esquerda ten a palabra o señor Ron Fernández.

O señor RON FERNÁNDEZ: Bo día a todos e a todas.

Antes de máis, saudar a presenza desta iniciativa lexislativa popular no Parlamento de Galicia, unha iniciativa promovida sen dúbida pola cidadanía galega, que quere un achegamento á lusofonía e unha relación máis fraterna coa lingua portuguesa.

Introducíndonos xa no discurso, faremos unha primeira advertencia: non caíamos hoxe na tentación da polémica estéril, seríao se nos adentrásemos nunha polémica que cae no erro de non valorar as achegas que a cultura en si nos achega; teñamos coidado tamén cos prexuízos lingüísticos e cos conceptos lingüísticos tratados de forma científica ou ideoloxizada; fuxamos dos esencialismos e dos reduccionismos, que prescinden da complexa realidade na que vivimos e da que falamos.

Houbo, hai estudosos que consideran que o concepto de lusofonía está morto: Margarido (1999) ou Marcos Bagno

(2006). Resulta curioso comprobar que esta visión se dá na confluencia entre o fin do século XX e os inicios do XXI, onde apareceron relatos absurdos e errados que falaban do final da historia e outros que aludían a un choque de civilizacións, cando o que é e foino sempre é loita de clases: os poderosos contra os de abaixo, o capital contra a democracia. Mais tamén está o feito de que estes estudosos, os estudosos mencionados, se ancoren na realidade falada no Brasil, extrapolable aos países africanos de fala portuguesa, que viven non só coa lingua colonial, senón tamén das achegas das linguas propias, á súa vez minorizadas das poboacións autóctonas. De aí que digan que só a normativa estandarizada e ensinada nos sistemas educativos sexa autora de crear e manter a ilusión de falar unha mesma lingua. Esa ilusión, que pode ser real, sería a que conduce a pensar que a lusofonía é un concepto morto, pero non, consideramos que a lusofonía ten vida se a encadramos de forma non dogmática.

Galicia, como ben sinalou Burghard Baltrusch nos anos 2009-2010, vive entre dous espazos: o lusófono e o hispanófono, ambos ancorados na raíz da latinidade. Ambos espazos están atravesados por relatos de colonialismo, de pasado imperialista, de diferentes graos de negación da alteridade que representa o outro autóctono, moi manifesto hoxe nas conmemoracións que dan vida ao descubrimento de América, onde vemos claramente que alegría non hai moita. E ambos espazos están confrontados hoxe coa expansión, dominio e predominio da lingua nai da globalización: o inglés.

Para responder se é bo achegarnos á lusofonía é necesario definir con certa exactitude que é a lusofonía, sen dogmatismos. E deixamos xa establecido que consideramos que a lusofonía é unha idea válida, a lusofonía pode ser enriquecedora para Galicia e Galicia pode ser enriquecedora para a lusofonía, mais cómpre vontade política para poñer en marcha os mecanismos precisos. Así, con esa vontade política, coa presenza das institucións galegas, poderíanse ir poñendo os alicerces que precisa o imaxinario social para agarimar o proxecto cultural lusófono, para sentirse a gusto nunha casa común, hoxe aínda lonxe de ser considerada como un aquí e aló.

Mais defenderemos que non se trata de establecer novas fronteiras, de introducir novas liñas de tensións, senón precisamente de derrubar os valos existentes, de tender unha

nova concepción cultural que debe ser necesariamente heteroxénea e interdependente, como pedía Fernando Pessoa a inicios do século XX. Unha concepción que dea calor e achegue convivencia sen pretensións totalizadoras, que posúa cando menos os seguintes trazos: cultura e afectividade, solidariedade e horizontalidade, pluralismo e participación, comunicación e intercomprensión, diálogo e cooperación, reciprocidade e recoñecemento das identidades en xogo.

Claro está que esta concepción para ser plena e para que a lusofonía sexa realmente un espazo aberto deberían cambiarse as leis migratorias que bunquerizan Europa. As ditas leis son as que trasladan o paradoxo de que mentres as culturas das persoas poden vivir nun imaxinario común, as ditas persoas son relegadas do proxecto vital común que é a cidadanía. Por iso, amais dos precisos cambios lexislativos en materia migratoria, a presenza da lingua portuguesa no ensino en Galicia debe servir de elemento de acollida da poboación procedente dos países da comunidade de países de lingua portuguesa. E pode resultar curioso ou non, segundo se mire, que teñamos que reclamar un lugar para a lingua portuguesa no sistema educativo galego ao mesmo tempo que temos que reclamar plena relevancia e funcionalidade para o galego, debido precisamente ás políticas esquivas, cando non galegóforas, do Goberno da Xunta de Galicia.

É chamativo e entristecedor comprobar que en Galicia imos por detrás de Estremadura e de Andalucía no proceso de implantación dos estudos de portugués no ensino básico e secundario. É preciso –e niso incide esta ILP– que o ensino da lingua portuguesa sexa materia de oferta obrigatoria en Galicia, cando menos á mesma altura que o inglés e o francés. Temos unha excelente ocasión para o recoñecemento, sempre en clave de reciprocidade, das artes, para o intercambio de experiencias artísticas, audiovisuais, musicais, editoriais e tamén políticas e sociais, así como económicas, que é o eixe que prioriza a ILP.

Mais Galicia debe coller corpo tamén no relato que constrúen os países da comunidade de países de lingua portuguesa. Unha identidade precisa ser comunicada e entendida, e só acontece, tal e como relata Xoán Carlos Lagares, co galego para os falantes de portugués no Brasil, que descoñecen a súa existencia. Non obstante, ao abeiro dos estudos poscoloniais, isto é, que cuestionan os preceptos herdados do impe-

rio portugués, nas universidades do Brasil estase producindo un recoñecemento do galego en clave de igualdade, que se afastan da análise do estado-nación e que achegan importantes conclusións para o estudo da orixe do portugués brasileiro. Desde ese punto de vista, Galicia e o galego achegan unha forza determinante para a conformación dunha nova idea de lusofonía, respectuosa coas linguas minorizadas, porque nós o estamos sendo, somos unha lingua minorizada pola acción do Goberno, e coñecedora, polo tanto crítica, das consecuencias do colonialismo e do imperialismo. Galicia pode trasladar a súa experiencia en dereitos lingüísticos, a pesar de toda a política negativa da Xunta de Galicia a este respecto, e do respecto pola diversidade. O escritor Saramago dicía que a comunidade de países de lingua portuguesa será un instrumento de superior eficacia para que academos o obxectivo fundamental: unha gran comunidade de culturas, que, sen prexuízo das súas diversidades e diferenzas, se atoparán reunidas pola voz común e por novos camiños fraternais.

Agardemos que esta ILP poida seguir este camiño, o seu camiño. Só falta que exista vontade política para non impedir que siga a adiante, para que non lle aconteza o mesmo que sucedeu no inicio desta sesión, cando as ILP de Preescolar na casa e a ILP que defendía a sanidade pública foron tombadas pola negativa do Partido Popular. Polo tanto, reclamamos desde aquí que se permita a esta ILP seguir a adiante. Teñan vostedes a valentía e a vontade política de facelo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Caamaño Domínguez.

O señor CAAMAÑO DOMÍNGUEZ: Presidenta, señorías.

En primeiro lugar, benvidos aos promotoras desta iniciativa lexislativa popular. Son tempos para reflexionar sobre o feito de que sexa a cidadanía dunha comunidade política como é Galicia a que mova a un Parlamento, á Cámara dos seus representantes. Son tempos nos que a política máis directa debe ir cada vez máis ocupando espazos nas sociedades democráticas. E eu felicítome como galego e como

demócrata de que teñamos cada vez máis iniciativas que co pulso da realidade vivida polos homes e mulleres, neste caso de Galiza, chegan directamente a este Parlamento. E dende logo non vai ser o Grupo Parlamentario Socialista quen se opoña a estudar, a analizar, a debater, a dialogar coa propia cidadanía —á que representamos— unha iniciativa que ademais toca na cerna mesma da nosa alma como comunidade política, unha iniciativa que ten que ver precisamente coa nosa lingua e polo tanto co motor mesmo da nosa cultura, unha iniciativa que ademais leva e vén apadriñada por un nome, o de Valentín Paz Andrade.

Vén apadriñada así para honrar unha persoa que tanto ten feito por todos nós, unha persoa que sabía perfectamente da importancia que tiña, non só cultural, senón tamén económica e social, rachar as fronteiras interiores. E cando falo de fronteiras interiores non me refiro ao Miño, que nos separa entre Galicia e Portugal, ese territorio que ás veces foi espazo para o contrabando, tamén da cultura, en momentos difíciles para Galicia; refírome ás nosas propias fronteiras interiores como galegos respecto de como ollamos e vemos Portugal na nosa propia visión. El era consciente de que tiñamos que superar tamén esa visión interna, ese muro feito e construído interesadamente por algúns para que ao mirar máis aló do Miño non nos vísemos a nós mesmos e a parte da nosa historia, senón unha realidade a poder ser o máis allea posible. Valentín Paz Andrade —e aquí citáronse algúns dos seus textos— sabía perfectamente que iso non podía nin debería ser así, que a colaboración é moito máis importante que a segregación, que a capacidade de nos ver, de nos comunicar, de transitar, de falar do que temos ao lado e de compartir novamente o que antes fomos aporta moita máis riqueza que vivir illados sen mirarnos un cara ao outro. Iso é o que fai na súa *Galicia como tarefa* e iso é o que hoxe grazas ao impulso dos cidadáns recollemos tamén neste Parlamento. Por iso quixera no inicio destas miñas verbas darlles os meus parabéns e a miña en hora boa aos promotores desta iniciativa.

Na súa *História da lingua portuguesa* —cómpre agora tamén falar delo, entrando xa en materia— Silva Nieto fala de algo que a min sempre me chamou moitísimo a atención; fala este grande historiador da lingua portuguesa do que el chama a “*desgaleguização da lingua portuguesa*”. E é ben interesante que sexan os propios coñecedores e as propias persoas e intelectuais que están a traballar na orixe do portugués os que falen do seu proceso de *desgaleguização da*

língua do Portugal. E fálannos, polo tanto, dunha etapa histórica que debemos non esquecer, desa Gallaecia creada por Caracalla aproximadamente no 210, onde o noroeste peninsular, sendo provincia autónoma, chegaba dende o norte de Portugal practicamente ata Cantabria. Todo ese espazo no que houbo tamén unha autonomía de lingua, unha creación cultural propia co paso dos tempos, e que cando chegaron os suevos deixáronnos palabras –a min polo menos parécenme tan maravillosas– como “laverca”, por exemplo, na nosa lingua, e que foron pouco a pouco formando o noso ser e o noso existir. Ese proceso que facía que don Dinís, o rei poeta de Portugal, e Afonso X compartiran tantas e tantas cousas e que só despois os homes do poder e das circunscricións, os que queren aplicar aos territorios parcelas de poder, foron fragmentando co paso do tempo.

O que se nos di hoxe a todas as galegas e a todos os galegos, o que se nos está a pedir polos que levan a adiante esta iniciativa nesta Cámara é que esquezamos os espazos dos territorios e do poder para volver recuperar nun proceso –non sei como chamarlle– de volta de galeguización do portugués ou –dáme igual– de lusofonía do noso galego –como o queiramos ver nunha ou noutra dirección– ese espazo cultural común que tanto fixo nos seus días por todos nós. Paréceme, polo tanto, unha iniciativa fundamental que eu, dende logo, e o Grupo Parlamentario Socialista imos estudar con todo agarimo e que oxalá sexa aprobada por este Parlamento, e despois farei algunha referencia concreta aos seus puntos.

Antes quixera poñer de relevo algo que xa saíu aquí en intervencións anteriores, algo que ten que ver coa importancia da cultura nos tempos que estamos a vivir. Recentemente o ex presidente da Xunta Emilio Pérez Touriño coordinou un libro sobre a chamada Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, onde hai diversos estudos, e advertíase sobre a crise que está a vivir esta zona dende o punto de vista do tráfico económico, do trasego de persoas; un ámbito sumamente importante como consecuencia da crise económica que estamos a vivir. A peaxe das autopistas de Galicia a Portugal, que o fracaso ao parecer, polo menos, ou a tardanza do AVE Vigo-O Porto, todos os grandes proxectos que estaban en marcha e a crise económica nun e noutro lado do Miño están a quebrantar unhas ideas, unha planificación de cohesión social movida tamén por Europa e por gobernos portugueses e galegos que levaba un ritmo prudente pero progresivo no tempo.

É o momento, polo tanto, de intentar combater esa crise. Se non podemos só cos recursos económicos polo menos podelo facer co que nadie nos pode quitar, que é a nosa cultura común, o que temos de xunto no pasado e co que podemos construír o noso futuro. E iso supón un achegamento entre o coñecemento cultural dos nosos países, de Galicia e de Portugal, como propón esta iniciativa. Iso supón un achegamento tamén no coñecemento do principal vínculo da expresión que temos a ambos os dous lados do Miño: o galego e o portugués, esa lingua que ten tanto de común e que ten a mesma orixe. Niso traballaba Valentín Paz Andrade e penso que vale a pena que o fagamos agora os deputados deste Parlamento en nome dos homes e mulleres de Galicia que nos elixiron. É unha boa idea construír así futuro e supe-rar así xuntos a crise, e non é só un falar.

Efectivamente, aquí tense posto de relevo que o portugués, a lusofonía, alcanza case a 240 millóns de persoas no mundo, que é unha forma de entendemento; unha lingua presente en Asia, presente en África, presente en Sudamérica. Hoxe o Brasil está crescendo economicamente, e hai moitas e moitos galegos e empresarios galegos no Brasil, e o coñecemento desa cultura é un elemento da vantaxe fronte a outros competidores neste mundo de mercados globais. Pero é que ademais nos permite traballar dende Galicia sen ter que saír dela para eses mercados. As nosas editoriais, a nosa xente da cultura, do teatro, das artes escénicas, da danza, os creadores en xeral, os nosos ceramistas, os nosos escultores teñen capacidade de transmitir unha mesma mensaxe, un mesmo sentimento. E iso é vida. Non só é cultura, é traballo para a xente moza que tanto necesita deste país; é capacidade de estar presente e de gañarnos con ilusión o futuro. Tamén ten algo diso esta iniciativa que hoxe imos ver e traballar.

Pero eu agardo sobre todo que cando sexa lei non quede niso, nunha lei publicada no *Diario Oficial de Galicia*. Eu agardo un Goberno e un Partido Popular que, ademais de votar favorablemente esta iniciativa, faga o posible como executivo para levala a adiante. Agardo que despois da lei veñan decretos e que esas pretensións que aquí se conteñen en tres artigos as poidamos ver pronto todos os galegos, para que non só poidan estudar en portugués as escolas da franxa que teñen convenios a través do Ministerio de Asuntos Exteriores con Portugal; para que tamén noutros lugares, que son os culturalmente franxa, non exista esa fronteira interior co

portugués e se poida estudar en moitas máis escolas de toda Galicia; para que os estudos e o coñecemento da realidade de Portugal a poidamos ter presente nas librerías de Galicia e que teñan, polo tanto, un apoio máis claro nas bibliotecas, nos centros de difusión cultural galegos; para que os circuitos da cultura galega e os circuitos polo menos culturais do norte de Portugal estean presentes tamén en Galicia. Sobre todo isto deberíanos facer pensar esta iniciativa que hoxe temos que someter á consideración de todos nós.

A mesma consta –e vou entrar directamente nela– de tres artigos claves. Un que ten que ver sobre o coñecemento da lingua portuguesa nas escolas de Galicia. Como digo, iso é algo que xa ten existido nalgúnhas zonas, o que hai que facer é amplialo, potencialo mediante unha fórmula –aquí fálase de catro anos na iniciativa; é un tempo razoable, pero podemos seguramente discutir todos os grupos acerca diso–, a través dun proceso de implantación progresiva e razoable no tempo cos medios que se estean a dispor.

En segundo lugar, fálase de converter ese interese, esa irmandade con Portugal nun elemento estratéxico non só en materia de lingua senón en materia cultural, en materia económica, en materia social. Por suposto, os socialistas estamos absolutamente de acordo con ese segundo punto. Ademais, cando houbo un Goberno bipartito na Xunta, pero con responsabilidade –neste caso o seu presidente sendo socialista, como se recoñeceu aquí mesmo polos promotores da iniciativa–, fixéronse importantes avances para conseguir eses achegamentos e acordos ao mundo da lusofonía con Portugal e outros países do seu contorno. Cremos que esa é a liña a seguir e na que hai que profundar moito máis, tal e como ordena ese artigo.

E finalmente fálase de algo que é fundamental na sociedade do século XXI, que é a interacción, a capacidade de proxección dos medios de comunicación sobre as comunidades. Neste caso, que os medios de comunicación televisión e radio portuguesa poidan entrar con maior facilidade no espazo radioeléctrico de Galicia e á vez que as emisións, as producións galegas teñan tamén a oportunidade de traspasar fronteiras e estar moito máis presentes en Portugal. É algo que a tecnoloxía permite xa facer. Aquí fixéronse algunhas suxerencias que perfectamente permiten que a TDT, efectivamente na televisión dixital terrestre, ou outras fórmulas coa apertura de canles posibles que existen faciliten aos cidadáns de

Galicia o achegamento á cultura de Portugal e a toda a súa programación, para que cando esteamos alí non nos sorprendamos tanto das cousas que pasan a menos ás veces de 200 quilómetros da porta da nosa casa. E é necesario vivir e estar.

Eu tiven, como outros moitos galegos da Universidade de Santiago –estou seguro–, a oportunidade de estudar durante un tempo na Universidade de Coímbra. Para min foi un verdadeiro honor poder compartir preocupacións de dereito constitucional con persoas como José Joaquim Gomes Canotilho, que é un dos mellores constitucionalistas –de esquerdas, iso si– que existen en Europa e que ten moitísimo percorrido e aceptación xa non só aquí ou no Brasil senón en todo o mundo. E témolo ao lado da casa e ás veces non sabemos que están e que existen. Esa é a nosa fronteira interior, esa é a gran fronteira que entre todos con iniciativas como estas temos que intentar suprimir.

Remato xa para dicir que imos apoiar dende o Grupo Parlamentario Socialista –como a nosa opinión non pode ser doutro xeito– esta iniciativa, que imos traballar seriamente nela para que teña un raudo resultado e que, dende logo, se pronto se fai lei estaremos tamén enriba –como dicía antes– para que detrás da lei veña o decreto e detrás do decreto as actuacións que fagan real isto que hoxe entra pola porta do Parlamento de Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Baamonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bo día, señoras deputadas, señores deputados.

Aproveitar tamén para saudar e dar a benvida aos promotores desta iniciativa lexislativa popular e o recoñecemento a todas as persoas que asinaron e que fan posible o seu debate hoxe na vía parlamentaria.

Con este debate que estamos a ter, señorías, o Parlamento de Galicia colócase ante un fito de grande importancia por

canto ten a oportunidade de converter en real a converxencia entre Galicia e a lusofonía. Esa área coa que nos une unha gran tradición cultural e histórica, pero ademais diso unha intercomprensión espontánea de ambas as dúas linguas, que nos ofrece, por un lado, a posibilidade de dar unha saída universal ao galego e, por outro, a posibilidade de interconectar cun mercado de extraordinario potencial económico. Por iso esta iniciativa que hoxe se trae a debate merece ser estudada con atención e con coidado.

E eu vou tratar de dar resposta á petición do señor Morell sobre a toma en consideración, sen entrar en debate, naturalmente, cos grupos da oposición. Pero permítanme que faga unha excepción por se alguén pensa que o silencio é expresión de vontade. Alguén nos fixo unha acusación neste debate sobre o modo de tramitar as iniciativas lexislativas populares. Aproveitando a ocasión, permítanme que conteste cun refrán portugués: *devagar se chega longe*, retrucado por outro brasileiro, di ese refrán brasileiro: *o pior é se quando lá chegares, já não há ninguém*.

Mire vostede, señora Pontón, o Partido Popular podemos tardar máis ou menos pero tramitamos todas as iniciativas lexislativas populares. (*Aplausos*.) No bipartito, desas iniciativas, as que lles conviñan tramitábanas, as que non gardábanas no caixón, e en ocasións téñense atopado que cando as quixeron tramitar non había naide para escoitalos...

(*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón.

O señor BAAMONDE DÍAZ: ...porque xa non estaban no poder, señoría. (*Aplausos*.)

(*A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.*)

A señora PRESIDENTA: Señora Pontón, chámola á orde.

(*Aplausos*.)

O señor BAAMONDE DÍAZ: E, naturalmente, señor Caamaño, dicirlle que evidentemente as ILP son tamén expresión de democracia, como vostede dixo, e, polo tanto, nós sentí-

monos orgullosos de poder tratar este tema a proposta dos promotores da mesma.

Dicía que esta iniciativa debía de ser estudada con coidado e atención, fundamentalmente por tres razóns:

En primeiro lugar, pola orixe común e pola proximidade lingüística entre galego e portugués. Segundo a palabra de filólogos e historiadores, a orixe da fala galega hai que situala no territorio situado ao norte do río Douro e o actual territorio lingüístico de Galicia, é dicir, a Galicia administrativa e as bisbarras limítrofes de Asturias, León e Zamora. Ocorreu que coa Reconquista ese *romanço* galego se foi estendendo hacia o sur e no sur fundouse o Condado de Portugal, que trocou en reino independente na primeira metade do século XIII. Probablemente por esa razón a escrita do galego, do *romanço* galego-portugués, se inicia en territorio político portugués. Pero, en calquera caso, Galicia e Portugal ao longo do século XIII alumearon un fenómeno de extraordinaria transcendencia como foi o da lírica trobadoresca, que eu traio a colación para subliñar que nese momento galego e portugués eran linguas practicamente idénticas tanto nas palabras como nos ditongos, como na pronunciación, e diferentes das demais linguas que se falaban na Hispania. Esa similitude chegou aproximadamente ata o século XV, onde as dúas linguas seguiron camiños diverxentes: de pulo para o portugués, de ocase para o galego. E debido a razóns históricas coñecidas que, por certo, relata perfectamente Duarte Nunes de Leão na súa historia da lingua portuguesa, escrita xa en 1606, cando di que iso ocorreu “por en Portugal haber reis e corte, que é a oficina onde os vocábulos se forxan e se pulen, o que non houbo nunca en Galicia”. En calquera caso, a pesar desa diverxencia entre galego e portugués segue existindo unha intercomprensión e unha intercomunicación que ofrece unha vantaxe extraordinaria que non debemos desbotar.

En segundo lugar, debe de ser estudada con atención porque, como xa se dicía aquí nesta tribuna, esta iniciativa, non casualmente senón por decisión que compartimos e aplaudimos dos promotores, vén xunghida ao nome de Valentín Paz Andrade, figura pioneira na proxección internacional da lingua galega; un dos primeiros intelectuais e empresarios que falou do galego como nexo de unión e intercomunicación coa lusofonía.

Pero á parte da súa visión empresarial, Valentín Paz Andrade –como ben dicía o presidente da Xunta de Galicia no acto de homenaxe que se lle rendeu co gallo da dedicación do Día das Letras Galegas– entendeu perfectamente que a pervivencia dos galegos como pobo diferenciado pasa non só polas institucións e por proxectos empresariais, que tamén, senón fundamentalmente pola presenza dunha cultura viva e dinámica.

A asociación economía e empresa, que en principio pode parecer rechamante, ten cada vez unha importancia máis grande. E nese binomio a lingua xoga un papel fundamental pola sinxela razón de que os mercados se organizan e funcionan a través de redes de comunicación e as redes de comunicación créanse e mantéñense grazas aos idiomas.

O galego é un valor cultural que nos identifica como pobo, pero tamén nos conecta cun mercado de 250 millóns de persoas que falan en portugués, grazas a esa comprensión das linguas que fai posible a comunicación sen necesidade de intermediarios. E velaí que ese valor cultural do galego se troca en valor económico cando falamos de empresas ou de negocios. A relación comercial cos países da lusofonía non pode ser esquecida –efectivamente, como ben dicía o señor Morell– en momentos de crise económica como os que estamos a vivir. Brasil, Angola, Portugal, pero tamén Mozambique, Guinea, Timor Leste, os enclaves de Macau en China ou de Goa na India son exemplo diario, pola experiencia alí vivida por moitos galegos e galegas que residen ou que se desprazan a esas latitudes, de como é fácil adaptarse e entenderse neses territorios dominando o galego, pola intercomunicación que automaticamente se establece cos falantes da lingua portuguesa. Polo tanto, o galego representa no mundo comercial un valor competitivo e ten un valor engadido que permite acadar acordos e negocios.

En terceiro lugar, cremos que debe de ser estudada con atención esta iniciativa porque é chegado o momento de plasmar en algo tanxible ese valor recoñecido da relación entre o galego e a lusofonía. É certo que se teñen feito cousas en relación con esta materia, é certo que o portugués se estuda nas escolas oficiais de idiomas de todas as capitais importantes de Galicia, é certo que existen relacións de cooperación en determinados ámbitos; aí están por exemplo a Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, a Reserva da Biosfera Xurés-Gerês,

está tamén a presenza do galego en universidades de Brasil e Portugal, existen convenios entrambas as dúas nacións para a promoción deportiva e mesmamente ese que mencionaba o señor Morell para a promoción dos galegos nos negocios. Pero tamén é verdade que dende hai tempo un gran sector da sociedade galega, singularmente do mundo académico e do mundo empresarial, vén demandando a necesidade dun impulso máis potente desa interrelación entre Galicia e a lusofonía. Xa nos anos setenta Álvaro Cunqueiro se refería a esta circunstancia e demandaba esa necesidade dicindo, nunha previsión que logo se quedaría curta, que no ano 2000 uns douscentos millóns de persoas falarían o galego, incluíndo naturalmente os países da lusofonía. Son máis dos que di Cunqueiro.

E tamén é verdade o que xa se mencionou aquí, e é certo, que en Estremadura, onde existe proximidade xeográfica pero onde loxicamente non existe esa vantaxe da intercomunicación dos idiomas, máis de vinte mil persoas están estudando o portugués, posiblemente por algunhas das circunstancias que aquí acabamos de amentar.

Por esa razón, dende o Partido Popular abordamos esta iniciativa lexislativa, que vén á Cámara da man dos promotores e co nome de Valentín Paz Andrade, dende a perspectiva de que é unha oportunidade que non debemos de deixar pasar. E por esa razón anunciamos o noso voto favorable á toma en consideración da mesma, como xa deixo exposto por tres razóns fundamentais:

En primeiro lugar, porque abre a economía galega a un mercado emerxente de 250 millóns de persoas.

En segundo lugar, porque ofrece aos galegos e ás galegas a posibilidade de introducirse nesa enorme área cultural, económica e social que representa a lusofonía, non só pola proximidade da lingua, senón tamén aproveitando os códigos da cultura tradicional galega, que son capaces de transmitir información facilmente recoñecible e asimilable polas persoas que falan portugués en tantas partes do mundo.

E, en terceiro lugar, facémolo tamén porque defender o portugués dalgún xeito representa tamén defender o galego, en canto que abre unha vía de expansión universal hacia un idioma, hacia unha lingua próxima. A naide se lle escapa que se o galego é capaz de constituírse nun elemento importante

para abrir negocios e relacións empresariais no mundo, existirá unha motivación especial para o seu estudo e aprendizaxe, e tamén as empresas comerciais se sentirán moito máis motivadas para introducir o galego tanto na súa publicidade como na atención ao cliente e como nas súas actividades normais.

En calquera caso, despois de reiterar a nosa conformidade, o noso voto favorable a esa admisión a trámite, e sen entrar no debate concreto das propostas plantexadas na iniciativa, porque entendemos que deben de ser obxecto de debate no trámite lexislativo parlamentario subseguinte, si facer –para rematar– unhas precisións moi concretas:

En primeiro lugar, debe de quedar claro –nosoutros así o entendemos– que a lingua portuguesa debe de ter un trato preferente por esa relación de interdependencia co galego e pola tradición histórica que nos une coa lusofonía. Pero, en calquera caso, debe de quedar claro que na súa introdución se trata dunha lingua estranxeira con carácter opcional e non obrigatorio.

Tamén queremos deixar claro que non temos intención ningunha de entrar no debate normativo. O galego ten unha normativa oficial aprobada que dende o Partido Popular aca-
tamos e respectamos.

E, en terceiro lugar, dicir que no trámite lexislativo haberá que pulir, haberá que estudar algunhas dificultades materiais que plantexa a aplicación práctica da iniciativa, tanto no relativo a currículos, a persoal, como por exemplo tamén no aproveitamento do espazo radioeléctrico, que, como todos sabemos, é unha competencia de carácter estatal e non autonómico.

Pero en definitiva –e remato xa–, como ao principio, creo que hoxe o Parlamento está ante un feito histórico con esta iniciativa, coa súa toma en consideración, como é o de tapar unha fenda histórica que se prolongaba no tempo. Falaba antes dos refráns portugueses, agora utilizo un español: *Nunca es tarde, si la dicha es buena*. Oxalá que teñamos chegado a tempo para facer real a converxencia entre o galego e a lusofonía, e que a proximidade entre esas dúas linguas sexa aproveitada en beneficio mutuo de Galicia, de Portugal e dos demais países que compoñen esa área.

Máis nada, moitas grazas e o noso agradecemento aos representantes da moción. (*Aplausos*.)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Se o portavoz representante da promotora quere, ten un tempo de cinco minutos.

O señor REPRESENTANTE DA COMISIÓN PROMOTORA (Morell González): Máis que nada agradecer, señores e señoras deputadas, a súa recepción, as súas benvidas e, naturalmente, o seu voto favorábel a esta iniciativa lexislativa popular.

Acho que vai ser para todos nós, non só para os promotores e para vostedes, senón para todos os galegos e galegas, para os que virán despois de nós, este un día histórico e lembrado. O día en que como Galicia, e como indicaba tamén o señor Baamonde, rompemos unha fenda histórica ou, mellor, volvemos unir o que a historia separou, e nun contexto ademais necesario polo cambio de paradigma que se está a dar na sociedade, no mundo e do cal, efectivamente, a crise económica é unha boa mostra.

Grazas á señora Pontón e grazas ao seu grupo parlamentario, ao seu partido, pola súa preocupación e o seu traballo pola lingua galega, e dentro deste traballo polos vínculos co resto da lusofonía.

Grazas tamén ao señor Ron pola súa intervención. Compartillamos con el tamén que, efectivamente, isto non se trata de construír imperios, que xa pasaron, en novos poderes, mais de recuperar humanidade, e, dentro da humanidade, tamén lazos económicos naturalmente.

Grazas ao señor Caamaño. Efectivamente, estamos ante, como toda iniciativa popular, a cerna da nosa sociedade civil. Efectivamente, moitas veces son os filólogos e os estudosos portugueses os que máis chaman a atención sobre o feito de que nós esteamos a desgaleguizar a nosa propia lingua, como tamén facía notar don Valentín Paz-Andrade.

Grazas, naturalmente, ao señor Baamonde, do Grupo Popular, polo seu voto favorábel, polo seu acollemento e pola súa axuda. Compartiremos, naturalmente, que a lingua galega ten non só un valor cultural, tamén un valor econó-

mico que temos que fomentar e potenciar. Neste sentido non nos preocupan os detalles de se a obrigatoriedade ou non no ensino ou cuestións que pensamos que se resolverán dunha maneira técnica e con boa vontade; preocúpanos máis dotarnos das ferramentas para ter acceso a esta riqueza que temos como galegos e galegas, e que este mutuo entendemento que se ten que dar, e que se dá de feito, entre falantes de galego e de portugués se converta tamén en creación de redes comúns, entre elas menciono outra vez –e non podo deixar de facelo– a comunidade de países de lingua portuguesa, na cal esperamos que axiña Galicia e o galego sexan representados por dereito propio como orixe e como parte da lusofonía.

Reiteramos, por tanto, a nosa colaboración ao Goberno e a todos os grupos parlamentarios para o desenvolvemento desta lei, para que, como o vitral que nos preside aquí arriba, a Gallaecia volva outra vez unir eses lazos de fraternidade que nunca deberon de ser rotos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

O vicepresidente acompañarao á tribuna do público.

(*O señor vicepresidente, Santalices Vieira, acompaña o señor Morell González á tribuna do público.*)

A señora PRESIDENTA: Votamos a continuación a Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía. Votamos.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, Valentín Paz-Andrade para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada a toma en consideración desta iniciativa lexislativa popular por unanimidade. (Aplausos.)



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 130

IX lexislatura

1 de xullo de 2013

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Cualificación de emendas ao articulado presentadas á Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular Valentín Paz-Andrade, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (09/PPLI-000004)

- Do G.P. Popular de Galicia (doc. núm. 9400) [30560](#)
- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 9403) [30563](#)
- Do G.P. da Alternativa Galega de Esquerda (doc. núm. 9412) [30565](#)

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA
POPULAR "VALENTÍN PAZ-ANDRADE", PARA O APROVEITAMENTO DA
LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA LUSOFONÍA (NUM. EXPE.
09/PPLI-000004).**

Emenda nº1, de Substitución. Artigo 1

Débese substituír o texto do artigo 1, que quedará redactado como segue a continuación:

"O Goberno galego promoverá a incorporación do portugués como lingua estranxeira nos centros de ensinanza da Comunidade Autónoma de Galicia."

Emenda nº2, de Modificación. Artigo 2

Débese modificar o texto do artigo 2, no seguinte senso:

Onde di:

"A relación a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa constituirá un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial..."

Debe dicir:

"Deberán ser promovidas así mesmo as relacións a todos os niveis cos países de lingua oficial portuguesa, constituíndo este un obxectivo estratéxico do Goberno galego. De maneira especial..."

Emenda nº3, de Substitución. Artigo 3

Débese substituír o texto do artigo 3, que quedará redactado como segue a continuación:

"A Xunta de Galicia promoverá e estimulará ante o Goberno da Nación, dende o recoñecemento ás particulares e especiais

limitacións tecnolóxicas e de financiamento para a súa efectiva implementación, a adopción de cantas medidas positivas resultasen necesarias para a aplicación das disposicións da Directiva 2007/65/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de Servizos de medios audiovisuais sen fronteiras, co fin de favorecer e permitir a reciprocidade das emisións televisivas e radiofónicas entre a Comunidade Autónoma de Galicia e a República de Portugal coa que comparte patrimonio lingüístico."

Emenda nº4, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír o texto da Exposición de motivos, polo que segue a continuación:

"No actual mundo globalizado, os organismos galegos comprometidos co aproveitamento das potencialidades de Galicia, deben valorizar o galego como unha lingua con utilidade internacional, algo que indicou no seu debido tempo o autor a que foi dedicado o Día da letras 2012, que chegou a exercer como vicepresidente da Comissão Galega do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa.

O portugués nacido na vella Gallaecia, é idioma de traballo de vinte organizacións internacionais, incluída a UE, así como lingua oficial de nove países e do territorio de Macau, na China. Entre eles figuran potencias económicas como o Brasil e outras economías emerxentes. É a lingua máis falada no conxunto do Hemisferio Sur.

É preciso fomentar o ensino e aprendizaxe do portugués, co obxectivo, entre outros, de que empresas e organismos públicos aproveiten a nosa vantaxe lingüística, un valor que evidencia a importancia mundial do idioma oficial dun país veciño, tendo en conta tamén o crecente papel de bloques como a Comunidade de Países de Língua Portuguesa.

A lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués (bilingüismo inherente), outorga unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega en moitas vertentes, nomeadamente na cultural pero tamén na económica. Para isto, debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional.



Por tanto, para a mellora do desenvolvemento social, económico e cultural galego, as autoridades deben promover todas cantas medidas fosen posibles para mellor valorizar esta vantaxe histórica."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 26/06/2013 16:33:12

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA
LEXISLATIVA POPULAR "VALENTÍN PAZ-ANDRADE", PARA O
APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA
LUSOFONÍA (NUM. EXPE. 09/PPLI-000004).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 1

Despois da expresión: "... ensino regrado. ...", débese engadir o seguinte texto: "... sen que en ningún caso supoña una redución das horas docentes do galego como lingua oficial. ... "

Emenda nº2, ao apartado , de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo artigo 3 bis), que terá o seguinte contido:

"Artigo 3 bis). O Goberno galego realizará anualmente un informe en relación ao cumprimento desta lei, no que se farán constar, de xeito pormenorizado, as accións levadas a cabo, o seu custe e as previsións que efectúa para o exercicio seguinte. O dito informe remitirase ao Parlamento de Galicia."

Emenda nº3, de Adición. Disposición derradeira

Débese crear unha nova disposición derradeira que terá o seguinte contido:

"O Goberno galego no prazo máximo de catro meses dende a entrada en vigor desta lei, aprobará o decreto para o seu desenvolvemento regulamentario."

Emenda nº4, de Modificación. Exposición de motivos



Na primeira liña do primerio parágrafo da exposición de motivos débese substituír a expresión: "... os organismos galegos, ..." pola seguinte: "..., poderes públicos galegos,..."

Emenda nº5, de Modificación. Exposición de motivos

No parágrafo terceiro da exposición de motivos, na primeira liña, onde di: "... empresas e organismos públicos ...", debe dicir: "... empresas e institucións públicas ..."

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 26/06/2013 16:55:18

**EMENDAS PRESENTADAS POLOS GRUPOS PARLAMENTARIOS
ALTERNATIVA GALEGA DE ESQUERDA AO PROPOSICIÓN DE LEI DE
INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR "VALENTÍN PAZ-ANDRADE", PARA
O APROVEITAMENTO DA LINGUA PORTUGUESA E VÍNCULOS COA
LUSOFONÍA (NUM. EXPE. 09/PPLI-000004).**

Emenda nº1, de Adición. Artigo 2

Débese engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

“Traballárase para o recoñecemento (sempre en clave de reciprocidade) das artes, para o intercambio de experiencias artísticas, audiovisuais, musicais, editoriais, e se implementarán os mecanismos de divulgación pertinentes desde as administracións públicas galega e as do espazo lusófono.”

Emenda nº2, de Adición. Artigo 3

Débese engadir un novo paragrafo co seguinte texto:

“Igualmente, a administración pública galega traballará institucionalmente para que a lingua galega sexa divulgada nos países do espazo da lusofonía a través dos medios de comunicación social propios ou establecendo convenios para crear programas nos medios de comunicación social do espazo lusófono.”

Emenda nº3, de Adición. Exposición de motivos

Débese engadir, antes do último parágrafo, un novo parágrafo co seguinte texto:

“A Lusofonía é un concepto enriquecedor para Galicia, e Galicia pode ser enriquecedora para a Lusofonía. Trátase de derrubar as fronteiras existentes para tender unha nova concepción cultural, que debe ser heteroxénea e




interdependente, asentada nos valores da cultura e afectividade, da solidariedade e horizontalidade, do pluralismo e da convivencia, da comunicación e intercomprensión, do diálogo e a cooperación, da reciprocidade e do recoñecemento das identidades que están en xogo”.

Asinado dixitalmente por:

José Javier Ron Fernández na data 26/06/2013 17:44:31

DIARIO DE SESIONS



PARLAMENTO DE GALICIA

| LEXISLATURA

Presidencia do Excmo. Sr. D. Antonio Rosón Pérez

Sesión Plenaria n.º 28

Celebrada o martes 22 de febreiro de 1983

ORDE DO DIA

1.º Debate do dictame da Comisión Institucional no Proxecto de Lei Reguladora da Xunta e as súas atribucións.

2.º Propositions non de lei

— Do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre establecemento dun Tratado de Relacións Culturais entre Galicia e Portugal (Pub. no B.O.P.G. núm. 45; do 4 de decembro de 1982).

proposición non de lei, señor Nogueira Román.

Foi aprobada a proposición non de lei do señor Nogueira Román sobre establecemento dun Tratado de Relacións Culturais entre Galicia e Portugal por unanimidade da Cámara.

Para explicación do voto fai uso da palabra o señor Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto).

-Do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre elaboración dun mapa escolar galego Páx 1554

0 señor Barros Puente (Grupo Parlamentario dos Socialistas) en nome do seu Grupo retira a proposición de lei polas razóns que expón.

— Do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre establecemento dun tratado de relacións culturais entre Galicia e Portugal Páx. 1554

0 señor Nogueira Román (Grupo Parlamentario Mixto) expón a súa proposición non de lei. Respóstalle o señor Conselleiro de Cultura (Filgueira Valverde). En turno de Grupos Parlamentarios fan uso da palabra os señores Piñeiro López (Grupo Parlamentario dos Socialistas), Suárez- Vence Santiso (Grupo Parlamentario Centrista-UCD) e a señora Deputada Lovelle Alén (Grupo Parlamentario de Alianza Popular), formulando unha enmenda de adición, que é aceptada polo proponente da

-DO GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, A INICIATIVA DE D. CAMILO NOGUEIRA ROMAN, SOBRE ESTABLECEMENTO DUN TRATADO DE RELACIONS CULTURAIS ENTRE GALICIA E PORTUGAL.

O señor PRESIDENTE: Pasamos ó punto seguinte da Orde do Día. Trátase doutra proposición non de lei, do Grupo Mixto, a iniciativa de don Camilo Nogueira Román, sobre establecemento dun tratado de relacións culturais entre Galicia e Portugal.

¿Hai algunha comunicación dalgunha enmenda dirixida á Mesa?
(Pausa).

Pode intervi--lo autor da proposición non de lei.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, señoras e señores Deputados. O noso partido presenta esta proposición non de lei como unha parte do seu traballo político, da súa actitude totalmente positiva na construción da Autonomía e do autogoberno galego.

Temos que dicir que esta actitude que é inequivocamente positiva, ten algúns aspectos que, ás veces, non son nin compartidos nin aparentemente comprendidos polos outros Grupos Políticos. Pero, en fin, a postura positiva tamén, ás veces, dá lugar a votacións de abstención, sen que iso sexa obstáculo para que teña este carácter construtivo.

Dentro desta postura positiva de construción da Autonomía, ocupan lugar importante, sen dúbida, as relacións coa nación veciña e irmá, Portugal. Neste sentido, hai uns meses que presentamos, e hoxe debatemos, unha proposición non de lei que di estrictamente o seguinte: "O Parlamento de Galicia acorda solicitar do Goberno español, a celebración dun Tratado, establecendo relacións culturais entre Galicia e Portugal. Galicia estaría presente como tal no seo da Comisión do Estado, que leva adiante as pertinentes negociacións". Ata aí é o texto que se propón. O facer esta proposición non de lei, estamos facendo o desenrolo dun apartado dun artigo do Estatuto da Autonomía, que está feito, eu diría que expresamente para este convenio con Portugal.

O apartado 3, do artigo 35 do Estatuto da Autonomía, di: "A Comunidade Autónoma galega poderá solicitar do Goberno" --español se entende-- "que celebre e presente, no seu caso, ás Cortes Xerais, para a súa autorización, os tratados ou convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados cos que mantéña particulares vínculos culturais e lingüísti-

cos". O artigo, como dixeran, foi feito practicamente de forma expresa para esta relación con Portugal, e diso poden dar fe aqueles dos colegas que comenzaron a elabora--lo Estatuto da Autonomía, hoxe vixente, a partir da Comisión dos 16. Neste sentido poden dar fe, non soamente ó Presidente da Cámara --que naquel momento presidiu a Xunta e patrocinou a Comisión dos 16-- senón tamén ós colegas, Vázquez Portomeñe, Guerreiro, e non sei se me esquezo dalgún máis. Eles estiveron presentes xustamente na elaboración daquel Estatuto, que serviu de base indubidablemente, aínda que foi modificado nalgúns aspectos do que hoxe é vixente.

Este convenio por outra parte é moi importante. Cremos que debe estar comprendido baixo a rúbrica das obrigacións culturais, e así se di na súa literalidade, na proposición non de lei, que recolla a cultura no sentido máis amplo. E dicir, recolla cuestións lingüísticas, artísticas, científicas, económicas, tecnolóxicas, turísticas, por só citar algunhas.

Por unha parte existen razóns, de moi diverso tipo, que aconsellan a aprobación deste convenio --polo menos do inicio da elaboración deste convenio-- como son as de tipo histórico, entre outras. Case poderíamos dicir que é a reparación dun erro histórico, que deu lugar a unha separación que xamais se debeu producir no seo da Península Ibérica, en dous países tan afíns coma Galicia e Portugal. Esta reparación mesmo pode abri--lo camiño, entre outros moitos, para que sexa posible unha convivencia máis fructífera entre tódolos pobos que habitan o que hoxe é a Península Ibérica, dunha forma fraterna e solidaria. Desde logo, son razóns históricas que avalan unha mutua potenciación, para o futuro e en tódolos sentidos.

Por outra parte, este convenio tamén abre un camiño a algo que para nós é moi querido e importante: abri--la idea dunha nova hispanidade. Desde España, a hispanidade é

concebida dunha forma castelán-centrista, por así dicilo. Non fago ningunha referencia a ningún partido político, senón que o digo no sentido de que non se entende a hispanidade máis ca desde o punto de vista castelán. Pero hai outra hispanidade, que se fai desde Portugal, que engloba a outra zona de América Latina, e non a menos importante por outra parte. Pois ben: Galicia está no cerne do encontro desas dúas hispanidades, as dúas absolutamente necesarias.

Este convenio pode abrir unha vía, unha máis entre outras moitas que se están abrindo, mesmo a nivel privado, e que se abrirán camiño, sen dúbida, no futuro, para unha nova concepción dos pobos da Península Ibérica con Lantino América, ou cos pobos de falas hispánicas.

Por outra parte, existen razóns económicas importantísimas. Xa di-xen o outro día con motivo do debate sobre as estradas e o transporte, que Galicia é a esquina, mesmo a esquina verde, xustamente porque existe a fronteira con Portugal, senón sería simplemente ó norte da franxa occidental da Península Ibérica. O espacio económico natural de Galicia, polo menos xeograficamente, está claramente cara o sur. Galicia ten unha barreira co resto da Península, pero non ten ningunha barreira con Portugal. E evidente que tanto Galicia coma o norte de Portugal necesitan esta relación económica, relación que sen dúbida será potenciada pola entrada, tanto do Estado español coma de Portugal, no Mercado Común.

Finalmente, existen razóns lingüísticas e culturais, que son as que permaneceron ó longo da Historia, e que son as que nos fan retomar esta relación, para que teña un sentido, non soamente lingüístico e cultural, senón tamén de tipo económico, tecnolóxico, artístico, literario, etc., Pero estas razóns son, realmente, as que permaneceron no seo do noso pobo, e as que nos dan agora a capacidade de recompoñer estas relacións.

Nós sabemos que estas relacións, por imperativo legal, hai que facelas a través do Estado español. Consideramos que Galicia debe estar presente no seo da Comisión, é unha cousa absolutamente natural que estea alí, e cremos que, como dixen antes, este convenio daría lugar ó desenvolvemento necesario do Estatuto da Autonomía. Eu espero que sexa aprobado por tódolos Grupos, polo sentido institucional e histórico que ten.

Máis nada, e moitas gracias.

O señor PRESIDENTE: Correspóndelle a intervención ós restantes Grupos parlamentarios que desexen facer uso da palabra.

O señor Conselleiro de Cultura, pode facer uso da palabra.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA (Filgueira Valverde): Señor Presidente, señoras e señores Deputados, en resposta á importante proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira Román, sobre o establecemento dun Tratado de Relacións Culturais entre Galicia e Portugal, teño a honra de ofrece-la seguinte resposta. Quixera encarar nela catro aspectos do tema: a posibilidade dentro dos marcos da Constitución e do Estatuto, os camiños para acadalo, a conveniencia e os atrancos que terán de seren avalados.

Non entro nas razóns históricas, nas razóns lingüísticas de todo tipo, mesmo nas conveniencias de tipo socio-económico, que foron expostas aquí, cunha grande claridade.

Non esqueceu a Xunta as obrigas que ten nestes eidos, o estudio sobre "Constitución, Comunidades Autónomas e Dereito Internacional", froito das Sextas Xornadas de especialistas no tema. Foi editado pola Consellería de Cultura, e ten acadado moi bo acollemento. Nel pode atoparse unha síntese clara, siste-

mática da maior utilidade.

E certo que a Constitución reserva ó Estado a competencia exclusiva en materia de "Relacións Internacionais", artigo 149.3, a concordar cos 93, 94 e 95.

E máis: como ten anotado Brotons, as relacións de tipo internacional semellan ter sido concebidas polo constituínte español, coma unha materia máis entre as comprendidas no apartado 1, dese artigo 149, e non no ámbito exterior, no que todas elas repartidas entre o Estado e as Comunidades Autónomas podían estar presentes. Iso pese a que nos eidos da cooperación diversificada, requerido pola sociedade internacional de hoxe en día, calquera dos sectores da actividade, obxecto de competencia das Comunidades, conlevará á súa propia dimensión internacional. Esta Cámara ten comprobado xa moitas veces, e con eleccionadoras e recentes experiencias, este feito comentado, amplamente comentado por outros tratadistas.

Do mesmo xeito o interpretaban os redactores do Estatuto, aprobado pola Asamblea de Parlamentarios de xuño de 1979, cando no artigo 30.5 dispoñían, seguindo a liña do "Estatuto dos 16", que a Comunidade Autónoma galega estivese "debidamente representada nas Comisións do Estado, que levaran a termo negociacións con outros países ou organismos internacionais, en materias que afectan especialmente a Galicia, de emigración, marítima, pesqueiras e nas actividades gandeiras e forestais", omitindo por certo o tema da cultura. Non prosperaron tales propostas, como ben nos recorda o señor Nogueira; o texto da Constitución artigo 35.3, recoñece a capacidade de iniciativa, para que unha Comunidade poida "solicitar do Goberno, que celebre e presente, no seu caso, ás Cortes xerais, trala súa autorización, os Tratados, os convenios que permitan o establecemento de relacións culturais cos Estados, cos que manteñan particulares vínculos culturais

e lingüísticos". A ese texto temos que acollérmonos, para o Tratado ou Convenio que se propón, exercendo un limitado dereito de iniciativa para logralo por vía indirecta.

Polo que di o proceso de preparación será mester unha fase previa de negociacións co Goberno, para asegurar que o contido da convenión responda ás necesidades e desexos da Comunidade; mais tamén, de antemán asegura--lo consentimento do Estado ou Estados contratantes, neste caso Portugal e o Brasil, para negocialo.

Na xestación habería que exercer logo as facultades do artigo 87. 2 da Constitución, para accións de representación galega.

Tal son as consecuencias da carencia pola nosa parte do "ius contrahendi, ou de mellores fórmulas de dereito, de participación, que outras constitucións recoñecen, non xa a Estados federados, senón a rexións autónomas: Portugal, Bélxica, en certa mención Italia, Dinamarca, Canadá, Austria. O que é "concertación" directa e noutra lexislación tería que partir aquí dun previo consenso, ou se queredes do asenso dos poderes centrais.

E non teña dúbida que convirá logralo. E tan forte a nosa comunidade lingüística cultural con Brasil e co Portugal fraterno, que un convenio coa "Galicia Gengor" semella ser obrigado para o desenvolvemento de comúns intereses espirituais e materiais, e viría a dar azos para o cumprimento doutras misións hispánicas da nosa Comunidade, acabades de escoita--lo señor Nogueira.

Suposto que este Parlamento acordase, na oportunidade do comenzo do trámite, que foran fructuosos os talanteos previos, que o Goberno central e os Gobernos extranxeiros desen camiño aberto á iniciativa, e as Cortes a aprobasen, e se chegase logo á concertación do Tratado ou Convenio, de forma que fora satisfactorio para as partes, aínda que-

daría por encher unha base que debe preverse como decisiva para a eficacia da convención: a dotación económica por parte dos signatarios.

Por iso é mester que se teña en conta a valoración dos servizos e dos intercambios que se establezan. Pois o concerto ten que abranger canto o señor Nogueira enumera nas liñas xerais. Coido útil completalas e pormenorizalas brevemente: a dotación de postos de lectores de Lingua, Literatura, Cultura Galega en xeral, en Portugal e no Brasil, e de portugués en Galicia; o restablecemento do Instituto de Estudos que funcionou nos anos 30; os intercambios de profesorado para cursos de especialización de postgraduados; a presenza do libro nas bibliotecas, feiras e mostras; as pensións e becas de investigación; as edicións, coedicións e traducións; as exposicións de arqueoloxía, arte, historia e ciencias; os intercambios de compañías de teatro, e de agrupacións musicais e coreográficas, as coproduccións cinematográficas e de videos; as microfilmacións e catalogacións gráficas de interés común; os intercambios escolares en albergues, campamentos, colocación familiar; as becas de creación artística de formación e de artes populares; os premios e certames; a tecnoloxía, as melloras agrarias, a meteoroloxía, a pesca.

Os Estados signatarios terán en conta tamén as desgravacións para circulacións de bens culturais e as medidas comúns de defensa do Patrimonio e da Natureza.

Máis custo có convenio no Portugal continental, nas Azores e Madeira, terá o do Brasil que é da meirande importancia e que deberá tramitarse ó mesmo tempo.

Será mester pois, disporse a unha longa e teimosa negociación, e a prever por diante os créditos para sufragar--las finalidades do Tratado, créditos moi superiores á totalidade do actual e cativo Presuposto da Consellería que teño a

honra de rexeir, mais sen dúbida, remuneradores, por altos que sexan para o futuro da nosa Cultura.

Entrementres a dotación de partidas correspondentes nos Presupostos faría posible ir cumprindo moitas xeiras por iniciativas directas ou por convenios entre Universidades, Academias, Institutos e Institucións. De feito, os intercambios foran moi vivos nos tempos do Seminario de Estudos Galegos e do Instituto de Estudos Portugueses, e nunca se interrompiron antes de mingua--la súa intensidade.

Nas vosas mans está o melloralo. Vontade sei que non vos falta. E mester unha forte axuda cleriticia, e consenso dos Grupos políticos na xestión. O Parlamento decidirá.

O señor PRESIDENTE: Pode facer uso da palabra, Don Ramón Piñeiro.

O señor PIÑEIRO LOPEZ: Señor Presidente, Señorías, o noso Grupo acolle positivamente a proposta do señor Deputado Nogueira do Grupo Mixto, tendente a que o Parlamento pofa en marcha os mecanismos regulamentarios para intentar do Goberno de Madrid algunha forma de entendemento colaborador con Portugal.

Nós aceptámo--la iniciativa, aceptámo--la idea, independentemente das dificultades concretas que expuso o Conselleiro de Cultura, das dificultades do proceso da súa realización. Pero parécenos positiva por unha razón fundamental, é dicir, que os galegos ocupamos no marco peninsular unha situación orixinal, moi especial, moi singular. Nós, existencialmente, como colectividade, vivimos apoiados en dúas fraternidades: por unha banda, a nosa fraternidade histórica con España, en que participamos e formamos parte da mesma historia; pero, por outra banda, a nosa fraternidade lingüística, e polo tanto cultural, co mundo lusitano. Estamos abertos a estas dúas dimen-

sións, a estes dous horizontes. Iso imponnos un imperativo intrínseco de prestar atención, e de buscar colaboración con ese mundo cultural lusitano que, por razóns políticas e por razóns históricas, non sempre tivemos normalizadas.

De tódolos xeitos, esta iniciativa apóiase en dous motivos. E un feito que esa colaboración cultural con Portugal vénse producindo espontaneamente a través dos tempos. En distintas etapas da evolución cultural de Galicia existiu sempre unha relación íntima, ás veces intensa e sempre fecunda, entre dos dous mundos culturais, o galego e o luso. Moitos dos pertencentes á xeración da revolución do ano 46 exiliáronse a Portugal, viviron alí.

Algúns deles como Romero Ortíz, publicou a primeira Historia da Literatura Portuguesa que se publicou en España; e o propio Añón --que se citou aquí-- estivo exiliado en Portugal. Desde Galicia mantívose unha relación, non só cultural senón mesmo política con Portugal. Na xeración seguinte pódese citar a Pondal, que era un gran coñecedor e devoto de Camões, Curros que era amigo e devoto de Guerra Xunqueiro; logo, por parte dos portugueses Eça de Queirós que ó longo da súa vida tivo como un dos libros da súa máis íntima devoción, a obra de Rosalía.

A xeración Nós mantivo unha estreita colaboración co famoso e importantísimo grupo cultural da Aguía, no que as figuras máximas eran Teixeira de Pascoaes e Leonardo Coimbra.

Vicente Risco mantivo unha longa e intensa colaboración epistolar, con intercambio de ideas e de iniciativas, con eles. O propio Leonardo Coimbra veu a Galicia, en peregrinación cultural, nos anos vinte, ó fronte dun equipo cultural portugués. E nos anos trinta, o Seminario de Estudos Galegos --como nos recordaba aquí o Conselleiro-- e o Instituto de Estudos Portugueses da Universidade mantiveron un intercambio activo, con presenza

galega en Portugal e presenza portuguesa en Galicia.

Posteriormente a Real Academia Galega celebrou sesións extraordinarias en Braga, en colaboración cos portugueses. E nos congresos culturais que se celebraban no norte de Portugal asistía sempre unha delegación galega; e nos congresos de historia medieval, congresos de etnografía, existía sempre, especialmente invitada, unha delegación galega, ó marxe da delegación española --que algunha vez houbo problemas por iso--, xeralmente encabezada por Otero Pedrayo. Quere dicir que a necesidade da intercomunicación cultural entre Galicia e Portugal foi sempre mutuamente sentida e que a través dos tempos tivo realidade. Polo tanto esa iniciativa apóiase nunha tradición moi real, que ten presenza na nosa propia cultura e que a tivo tamén na portuguesa. En consecuencia, este é un dos motivos que xustifican a iniciativa.

Outro motivo é unha necesidade na evolución do mundo. Nós non podemos renunciar á nosa proxección cultural, á nosa proxección espiritual en tódolos ámbitos ó noso alcance. Naturalmente temos a man o ámbito hispano-falante, pero non podemos renunciar tamén á nosa proxección e á nosa presenza no mundo luso-falante.

Non debemos esquecer que no século XXI as grandes culturas ou as grandes linguas universais serán: o chino, o inglés, o castelán, o portugués e o ruso. E nós, na nosa condición de bilingües, participamos en dous deses grandes ámbitos culturais universais, que configurarán o mundo no século XXI. Polo tanto, como toda actitude endogámica culturalmente tende á esterilidade, nós non podemos renunciar ó intercambio, ó contacto, á colaboración con eses dous mundos.

Esta proposta parécenos que está cargada de sentido, que está apoiada nunhas realidades moi profundas e, independentemente das súas

dificultades de realización, nós prestámolle--lo noso apoio, porque compartímo--la conciencia dos seus motivos.

Máis nada.

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Suárez-Vence.

O señor SUAREZ-VENTE: Señor Presidente, señoras e señores Deputados, hoxe saio un pouco acoirazado, naturalmente, despois de escoitar ó meu querido profesor de todo ó Bacharelato, o profesor Filgueira Valverde, e ó noso entrañable Ramón Piñeiro, que abondaron en razóns suficientes para acoller positivamente por parte do meu Grupo esta iniciativa.

En primeiro lugar, pido perdón polo meu mal galego, que obedece a razóns biográficas non imputables a min, senón a circunstancias alleas a miña vontade. Pero escoitei cousas que realmente fanme sentir facheiro de ser galego, e facheiro por historia e facheiro tamén por actualidade. A min gustoume moito, e tamén ó noso Grupo --a quen sempre represento cando me subo aquí--, escoitar falar da nosa condición de bilingües. Ramón Piñeiro falou de nosa condición de bilingües. Esa condición eu sempre a entendín --cando se me deostaba por outro lado-- como algo que completa a condición galega, que a estende, nesas dous longos brazos, dos cales, un vai cara o mundo lusitano e outro cara o mundo latinoamericano --como nos dicían ós que estabamos alí--, que son dous instrumentos de cultura para servir, moitas veces, a unha mesma causa común, que é a causa da nosa Terra.

Tamén gustaríanos que esta iniciativa tivera eficacia. Entón, botamos de menos, desde o punto de vista técnico, que este Parlamento, ó mesmo tempo que aprobase unanimemente esta iniciativa, non aprobase tamén como unha especie de modelo deste tratado. E dicir: ¿que é o

que queremos nós nas nosas relacións culturais con Portugal? Marcar un pouco o camiño. Cando esta iniciativa chegue ó Goberno eu temo que, se de algunha maneira non a instrumentalizamos, se perda un pouco en Madrid. Sei que non hai trámite parlamentario para engadir algo pola vía dunha enmenda a esta proposición non de lei, pero eu non sei se será posible nos trámites de negociación decirlle un pouco ós que van negociar este Tratado cales serían as inxerencias básicas nas que se fomenta ese Tratado e os seus puntos máis importantes. Non sei se será posible, pero se o fose, ó noso Grupo completaríano--la alegría e o noso sentido positivo.

Máis nada Señorías e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: A señora M. del Carmen Lovelle pode facer uso da palabra, polo Grupo Parlamentario de Alianza Popular.

A señora LOVELLE ALÉN: Señor Presidente, señoras e señores Deputados: é para nós unha satisfacción acoller esta proposición non de lei do señor Nogueira. El sabe que en determinadas ocasións me ten acusado de falar máis portugués ca galego. Como antes dixo o señor Deputado que me precedeu no uso da palabra, el non tiña culpa dalgúns datos da súa biografía, e eu non só non teño a culpa de vivir en Verín, senón que me atopo moi satisfeita de estar tan perto dos irmáns portugueses.

Polo tanto, é para nós unha satisfacción poder apoiar esta proposición non de lei, e sobre todo vanme permitir, nesta Cámara, falar unha vez máis do meu querido pobo de Verín, posto que, ó ser varios anos Alcaldesa desta vila, tiveron oportunidades de convivir en moi diferenciadas ocasións cos irmáns portugueses.

Eu sei que esta iniciativa é de inmediata necesidade, e débese con-

cretar unha formula xurídica internacional na que dunha maneira clara sinalémo--las bases desta vinculación que, efectivamente, como xa dixo o señor Piñeiro, de forma espontánea vén xurdindo nos nosos diferentes --non tan diferentes-- pobos. Por iso en Verín estas iniciativas leváronse a cabo cos medios que nós puidemos atopar, porque evidentemente, uníndome tamén á proposición que aquí fixo o señor Suárez-Vence, encontro que a resolución queda quizais incompleta despois do articulado co que se expuxo as súas motivacións.

Tratados culturais entre España e Portugal xa houbo en máis ocasións. Recordo que ultimamente firmouse un Tratado sendo Ministro de Cultura o señor Pío Cabanillas e que, precisamente, Veñín e Chaves --cidade irmán de Verín desde o ano 1980-- dirixíronse ó señor Ministro para que neses Tratados se tiveran sempre en conta os intereses dos pobos limítrofes.

E evidente que onde máis se necesita, onde máis se sente esta necesidade de intercambio cultural é na "Galiza" --agora sí que utilicei a palabra portuguesa-- e no norte de Portugal, onde todos chamámonos ás veces "trasmilhotas", coma eles gustan de chamarnos.

Polo tanto, nós cremos que se de algunha forma no Regulamento se puidera aceptar ou engadir a esta resolución unhas frases simples, onde se dixera que este Parlamento elaboraría uns principios básicos para a celebración deste Tratado, posto que cremos que non cairíamos de ningunha forma na anticonstitucionalidade, entón quedaría moito máis completa.

Por iso, adheríndonos plenamente a esas motivacións, en aras da efectividade política, pediríamos que esta Cámara --con tódolos Grupos Políticos, que son a representación dos verdadeiros intereses do pobo galego--, escoitando esas comunidades veciñas portuguesas, elevase a esa Comisión que se vai ela-

borar para lle presentar ás Cortes Xerais de España ese Tratado, unha fixación de bases que debería saír de aquí, desta Cámara. Está moi claro que esa saudade portuguesa é o mesmo que esa nosa morriña que nos leva, desde a comunidade arxentina, desde outras comunidades, e ós portugueses desde a súa querida comunidade brasileira, a non esquecer nos nunca daquela terra en que nacemos.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pido a palabra.

O señor PRESIDENTE: Señor Nogueira ¿para que pide o uso da palabra? Porque é evidente que vostede non foi contradito nas súas argumentacións, senón ó contrario.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Pido a palabra por dúas razóns, señor Presidente.

Dadas as palabras, mesmo positivas, que tiveron os membros dos Grupos Parlamentarios, é conveniente que dea unha contestación como autor da proposición de lei. Tamén tería que dala, ou non, ó proposto pola colega Lovelle, porque fai unha emenda de adición, agora, no curso do debate, que estou disposto a aceptar.

De todas formas, tamén me gustaría dicir unhas palabras, se me permite o señor Presidente, respecto das intervencións dos Portavoces dos Grupos Parlamentarios.

O señor PRESIDENTE: ¿Non lle sería igual explica--lo voto cando se pronuncie?

O señor NOGUEIRA ROMAN: Se así o considera apropiado éme igual señor Presidente. Respecto da proposta da señora Lovelle, digo que xa me ensinará o texto anteriormente, e aínda que non o concretou dunha forma estricta, acéptoa. Agora pá-

same un novo párrafo que diría: "o Parlamento elaborará uns principios básicos para a elaboración dese Tratado que presentaría ó Estado" etc. Creo que é unha previsión apropiada para ir a negociar cunha base máis avanzada. Eu aceptaría este engadido, señor Presidente.

O señor PRESIDENTE: A Mesa, nunha interpretación un pouco xenerosa, dá por incorporada esa enmenda de adición, e posto que a acepta o autor, sométese a votación a proposición non de lei, con ese aditamento. ¿Votos a favor? (Pausa). ¿Votos en contra? (Pausa). ¿Abstencións? (Pausa).

Queda aprobada a proposición non de lei por unanimidade, co aditamento recién mencionado.

Para explicación de voto, ten a palabra o señor Deputado Nogueira Román.

O señor NOGUEIRA ROMAN: Señor Presidente, considero que despois das verbas escoitadas, é obrigado que eu, ó mesmo tempo, mostre a miña satisfacción por se--lo autor involuntario deste acordo tan unánime.

Realmente, como é coñecido, teño unha actitude voluntarista neste Parlamento, por non chamarlle unha actitude optimista, pero, desde logo, ese meu voluntarismo non me facía crer que a proposición tivera esta acollida. E non soamente polo sentido do voto, que me constaba un pouco antes do comezo desta discusión --en función do traballo de pasillos que nos é obrigado ós parlamentarios--, senón polo contido emocional que tiveron algunhas das intervencións.

Agradezo ;claro está;, as intervencións últimas, do colega Suárez-Vence e da colega Lovelle, pero teño que referirme, moi especialmente obrigado, ás palabras do profesor Filgueira Valverde e do colega Ramón Piñeiro, que non soamente

deron unha demostración clara do sentido profundo que ten o galeguismo como recuperación da nosa identidade, senón que interpretaron profundamente o papel fundamental que cumpre neste nacionalismo galego, se se quere, as relacións co pobo irmán de Portugal

E teño aínda máis satisfacción, porque nalgunha das súas expresións realmente fixeron unha síntese de problemas que están aí pendentes na nosa Comunidade, mesmo dentro do galeguismo. Eles deron unha mostra de apertura, e un afán de síntese xustamente entre posturas que están mesmo en discusión, hoxe en día, dentro de Galicia.

Quero recoller especialmente o referente ás relacións con Portugal e con Brasil --idea do profesor Filgueira Valverde--. Creo que podemos experimentar con este Tratado con Portugal, e logo, segundo os resultados, facer algo semellante con Brasil. Neste sentido, tamén para Brasil ía destinado o artigo do Estatuto.

Destaco tamén as palabras, que eu chamo de síntese, do colega Ramón Piñeiro, respecto do papel do galego como punto de encontro das culturas hispánicas predominantes, sen esquecer, evidentemente, nin moito menos, as culturas catalana e vasca, tan honrosas como as de que estamos a falar e que nós compartimos dalgunha forma. Esas palabras creo que supoñen unha síntese perfecta de problemas importantísimos que están hoxe en día, nesta encrucillada, presentes en Galicia, e que nos proyectaran no futuro. Ese é o papel internacional do pobo galego, o papel que nos cumpre como pobo creativo, dentro da cultura universal.

Moitas grazas.